

CÓDIGO DEONTOLÓXICO

O RUE/RO

ÍNDICE

PRINCIPIOS DEONTOLÓXICOS DO RUEIRO

I. PRINCIPAIS VALORES DO MEDIO (1-2)

II. DIVERSIDADE (3)

III. ASPECTOS DO TRATAMENTO LOCAL (4)

IV. LEXISLACIÓN DE DEREITOS (5)

V. PARTICIPACIÓN DA AUDIENCIA (6-7)

VI. A INFORMACIÓN E AS FONTES NO MEDIO (8)

VII. REDACCIÓN DAS INFORMACIÓNS (9)

VIII. CORRECCIÓNS E RECTIFICACIÓNS (10-11)

IX. IMAXES: CRITERIOS DE PUBLICACIÓN E LÍMITES ÉTICOS (12-14)

X. USO ADECUADO DAS REDES SOCIAIS E BOA PARTICIPACIÓN NO ECOSISTEMA DIXITAL (15)

XI. NORMATIVAS DE PLAXIO E AUTORÍA (16)

XII. USOS E TRATAMENTOS DA IA (17-19)

ANEXOS. TRATAMENTOS DE CASOS ESPECIAIS

1. SUICIDO E SAÚDE MENTAL (20-21)
2. A INMIGRACIÓN (22)
3. COBERTURA DE CONFLITOS BÉLICOS E TERRORISMO (23)
4. CRISE CLIMÁTICA (24)
5. PERSOAS VULNERABLES (25)

PRINCIPIOS DEONTOLÓXICOS DO RUEIRO

CÓDIGO DEONTOLÓXICO

I. PRINCIPAIS VALORES DO MEDIO

A. Honestidade e veracidade

O Rueiro é un medio de comunicación comprometido coa cidadanía. Este medio, polo tanto, concibe o xornalismo como un servizo público. Por este motivo, a honestidade e a veracidade son dúas das premisas fundamentais do *Rueiro*, que pretende recoñecer o dereito á información da cidadanía, incidindo nos contextos locais, espazos nos que moitas veces existen baleiros informativos. Os cidadáns outorgan aos xornalistas a confianza para recibir información de calidade que lles permita manterse informados e comprender o seu contexto social, cultural e político. *O Rueiro* sempre será defensor da cidadanía, dos seus dereitos e das súas liberdades, actuando como estrutura contrapoder.

B. Independencia editorial

A independencia do *Rueiro* sempre virá proporcionada polos usuarios que apostan por consumir un medio que atende á realidade máis próxima das persoas, o que acontece no día a día. O foco principal do *Rueiro* será, polo tanto, a cidadanía galega que estea interesada en consumir información actualizada, de calidade e vinculada co territorio. A independencia do *Rueiro* é unha condición inherente ao xornalismo, polo que este medio non sucumbirá ante presións internas ou externas procedentes de calquera grupo de poder. Por iso, a prioridade sempre estará en proporcionarlle información á cidadanía e non haberá ningún interese político, social, económico, persoal, tecnolóxico ou ideolóxico que poida condicionar ese principio.

C. Autorregulación e responsabilidade democrática

O Rueiro sempre priorizará os valores democráticos a través da autorregulación, sendo esta unha garantía democrática que ten como obxectivo a preservación da liberdade de información fronte aos poderes que fan presión. O papel do *Rueiro* consiste en

aportar información de calidade ao debate público, non en alimentar sesgos, intencións partidistas ou descalificacións persoais dos personaxes públicos. Non obstante, *O Rueiro* sempre informará abertamente daquelas tendencias sociais, políticas ou ideolóxicas que atenden contra a democracia e os dereitos fundamentais.

D. Dereitos e causas sociais

O medio ambiente, a igualdade, o estado do benestar, a educación e a sanidade públicas, a cultura, o traballo, a pobreza, a paz, a ciencia, a memoria histórica e os fluxos migratorios son algúns dos ámbitos temáticos nos que *O Rueiro* poñerá o foco. Estes aspectos forman parte das prioridades editoriais deste medio, polo que os seus xornalistas deberán informar á cidadanía sobre os cambios que se están a producir na súa contorna. A defensa do interese xeral sempre será prioritaria para *O Rueiro*.

E. Compromiso coa comunidade

O Rueiro é un medio de proximidade, polo que ademais de ter en conta todas as premisas especificadas anteriormente, tamén deberá prestar especial atención á información local dos grupos sociais máis reducidos para conservar a identidade das súas comunidades e favorecer deste xeito a cohesión social. *O Rueiro* sempre terá por bandeira un labor social que o situará como parte activa nas relacións do espazo no que se atopa.

II. DIVERSIDADE

A. Diversidade na redacción

O Rueiro pretenderá a confluencia de todos os valores democráticos e que tendan cara o progreso da sociedade na súa propia cabeceira. Débese procurar dar voz a minorías e que estás estean representadas nos contidos do xornal. Utilizarase terminoloxía concreta para ese tipo de información, para xerar unha boa comunicación do concepto.

B. Diversidade na empresa

O xornal partirá dunha redacción integrada, na que todas as seccións tendrán o mesmo espazo para o manexo e escrita do seus contidos. Non existirá unha xerarquía entre os membros do *Rueiro*, tendo todos os integrantes da redacción a mesma importancia na cabeceira. Consideraranse os participantes do medio de comunicación iguales ao remar todos cara ao mesmo punto común.

III. ASPECTOS DO TRATAMENTO LOCAL

A. Cobertura das localidades

Débese facer en todo momento unha cobertura mediática digna e respectuosa sen deixar baleiros informativos e cubrindo as necesidades do día a día das galegas. Ademais, cómpre priorizar a información da localidade (cidade, vila, parroquia) fronte ao centralismo mediático e fomentar o coñecemento da historia, cultura e lendas das zonas, sen caer en prexuízos.

B. Rigorosidade e humanidade

É labor do/a xornalista manter a rigorosidade a pesar de ter que cubrir información próxima e evitar influencias, ademais de centrarse no compoñente humano sen caer no sensacionalismo nin na morbosidade. Cabe destacar tamén a función do xornalista no ámbito local, pois este/a convértese en fonte especializada, aínda que nunca debe condicionar as informacións.

C. Verificación directa

As informacións locais esixen unha verficación directa coas fontes orixinais e cunha especial atención. Nunca unha peza poderá estar baseada nun rumor, pois cómpre, na medida que se poida, falar cos protagonistas e mesmo estar no lugar da nova.

D. Medio como testemuña e xornalismo cidadá

Dende *O Rueiro*, un dos obxectivos principais é servir como ferramenta para que os habitantes das distintas localidades denuncien certas situacións, mais sempre cun filtro xornalístico e tamén de maneira que o medio non sexa pasivo, senón que busque temáticas e problemas a tratar. Tamén cabe destacar a importancia do medio como arquivo da localidades para preservar as súas culturas e historias.

IV. LEXISLACIÓN DE DEREITOS

A. Dereitos de imaxe

Todas as persoas que saian en primeiro plano nas imaxes do *Rueiro* deben de ser consultadas para a súa publicación. A través dese consentimento, a propiedade da fotografía pasa a ser do xornal. O resto de persoas que non den o súa aprobación para publicar as fotografías, utilizarase a súa imaxe dentro dos códigos deontolóxicos propios da imaxe recollidos na Constitución de 1978.

B. Dereitos dos xornalistas

1. O xornalista ten dereito a sacar a súa sinatura despois da posterior edición da súa peza.
2. O xornalista debe ser quen de gardar o seu segredo profesional dentro das fontes coñecidas como *off the record*.
3. O xornalista non participará en actos políticos para cumprir a súa indepedencia como imaxe comunicadora.
4. O xornalista poderá rectificar en caso de erro na súa redacción ou propia información.
5. O xornalista debe conciliar os dereitos individuais co dereito público a saber.
6. O xornalista debe respectar o dereito á privacidade.

V. PARTICIPACIÓN DA AUDIENCIA

A. Pluralismo, liberdade de expresión e pensamento crítico

A participación cidadá no medio, ben sexa a través de seccións de opinión ou mesmo á hora de recoller fontes para as diferentes pezas xornalísticas, debe ser plural e fomentar o pensamento crítico a través dun debate no que se dan voz a distintas sensibilidades, sempre dentro dos valores editoriais do medio. Desta maneira, a pluralidade e a liberdade de expresión polas que se avoga no *Rueiro*, dá lugar en moitos casos a que aparezan fontes con relatos contraditorios e mesmo con informacións distintas ás opinións dos lectores co fin de crear un debate plural e rico.

Tamén é labor do medio alcanzar paridade nas opinións e fontes e dar voz non só ás mulleres, senón tamén a colectivos infrarrepresentados e ao maior número de entidades e grupos diversos entre si. Os partidos políticos serán representados da maneira máis equitativa posible, mais sempre primando a verdade por diante ante os posibles discursos de odio ou bulos que estes poidan propagar. *O Rueiro* terá como tarefa perante a audiencia a labor de preguntar regularmente aos usuarios como de fiables consideran que son as firmas habituais do medio e así coñecer os posibles erros que se cometan á hora de dar voz a diferentes personalidades.

B. Límites da liberdade editorial no medio

A pesar de que *O Rueiro* poña en valor a importancia da liberdade de expresión e da liberdade a informar e á información como dereitos fundamentais, ben é verdade que se recoñecen diferentes límites nos mesmos. Por un lado, non cabe lugar no medio a defensa da discriminación, a tiranía, os autoritarismos, o racismo, o machismos, a LGTBIfobia, o terrorismo, o maltrato animal, etc. Tampouco serán aceptados por parte dos colaboradores e das fontes os insultos, as calumnias e as opinións discriminatorias, ao igual que se prohibe dar voz a discursos que fomenten directa ou indirectamente o odio e a violencia.

CÓDIGO DEONTOLÓXICO

No *Rueiro* tamén se deixa clara a importancia da rigorosidade, polo que, a pesar de que as opinións e declaracións sexan libres, sempre debe primar a veracidade nos feitos dos que se falan. É labor do medio non difundir datos falsos, nin feitos non contrastados camuflados a través do xénero da opinión. A mentira nunca será un punto de vista.

VI. INFORMACIÓN E FONTES NO MEDIO

A. Criterios de obtención de información

O Rueiro sempre priorizará a integridade das persoas e respectará o dereito á privacidade na obtención das súas informacións. As fontes empregadas sempre deben ser citadas para mellorar a credibilidade da información. Non obstante, os xornalistas do *Rueiro* poden acollerse ao secreto profesional para protexer as súas fontes, así como convocar o *off the record* cando o vexan necesario.

B. Verificación da información

O Rueiro sempre publicará información verificada e contrastada de formas lícitas, actuando coa máxima fidelidade posible. A disciplina da verificación, o contraste de fontes, a contextualización e a rectificación forman parte das premisas fundamentais dun medio que aposta pola credibilidade.

c. Métodos lícitos

Os xornalistas do *Rueiro* non poderán empregar cámaras ocultas ou calquera outro procedemento enganoso para obter informacións, imaxes ou testemuñas. Tampouco poderán difundir material privado procedente dos sistemas de mensaxería ou doutros soportes de comunicación. A situación excepcional será aquela na que prime o interese público inequívoco ou na que exista un perigo para a cidadanía, sempre que non haxa ningún outro método de obtención da información.

VII. REDACCIÓN DAS INFORMACIÓNS

Como medio galego de xornalismo de proximidade centrado na actualidade dos concellos de Galicia, *O Rueiro* asume o compromiso de ofrecer un xornalismo rigoroso, accesible e de alta calidade formal e lingüística. O coidado da lingua galega e a precisión na redacción son garantías fundamentais para manter a confianza da veciñanza e velar polo dereito á información.

A. Rigor, precisión e corrección lingüística

Todas as publicacións do *Rueiro* deben cumprir estritamente coas normas ortográficas e gramaticais do galego. A calidade da redacción é unha esixencia profesional permanente. Cando se detecte un erro leve (ortográfico, gramatical ou un detalle menor), este editarase e corrixirase de forma inmediata. Se se trata duns datos fundamentais ou dun erro grave, informaranse os lectores cunha nota aclaratoria ao pé de páxina coa máxima dilixencia e transparencia. A redacción traducirá a linguaxe burocrática, técnica ou institucional opaca a un galego claro, directo e comprensible para toda a veciñanza, sen perder por iso o rigor informativo.

B. Linguaxe inclusiva, igualitaria e respectuosa coa diversidade

Empregaranse os recursos que ofrece a lingua para facer visible a mulleres e homes en igualdade, evitando o masculino xenérico cando non sexa necesario e priorizando termos neutros ou colectivos. A escolla das palabras, citas e titulares coidará rigorosamente a dignidade humana. Evitarase calquera termo discriminatorio, estereotipado ou estigmatizante por razón de orixe, etnia, xénero, orientación sexual, idade ou extracción social. Desterraranse expresións reductoras ou incorrectas (como calificar a persoas de "ilegais" ou usar termos alarmistas como "invasión"), e abordaranse as problemáticas sociais e de violencia machista con rigor, terminoloxía precisa e sen culpabilizar ás vítimas. *O Rueiro* aplicará un vocabulario unificado e coherente nas súas coberturas, priorizando as problemáticas locais e municipais de Galicia para dar voz á veciñanza e visibilizar a diversidade de cada concello.

VIII. CORRECCIÓNS E RECTIFICACIÓNS

O rigor, a transparencia e a honestidade son os piares da credibilidade do *Rueiro*. A calidade do xornalismo non se mide pola infalibilidade, senón pola transparencia e a dilixencia coa que se actúa cando se comete un erro ou cando unha persoa ou institución afectada exercita os seus dereitos. Rectificar e subsanar son formas de render contas ante a veciñanza e reforza a confianza no medio.

A. Subsanación e corrección de erros propios

Calquera erro detectado nas publicacións do *Rueiro* corrixirase coa máxima prontitude, dilixencia e transparencia. Os erros menores (ortográficos, gramaticais, de tipografía ou detalles secundarios que non alteren o sentido fundamental da información) editaranse directamente no texto sen necesidade de facer unha advertencia expresa. Cando se corrixa un aspecto esencial da noticia ou un dato relevante, informarase explicitamente aos lectores mediante unha nota aclaratoria ao pé do artigo, detallando que elemento foi modificado e en que data. En caso de erros de extrema gravidade que comprometan a veracidade global da peza, ademais de proceder á súa corrección e explicación ao pé de páxina, *O Rueiro* retirará a noticia da portada principal, da indexación nos motores de busca e do impulso en redes sociais.

B. Dereito de rectificación e réplica

O Rueiro garantirá o exercicio do dereito de rectificación (segundo a Lei Orgánica 2/1984) e de réplica a calquera persoa ou entidade afectada por unha información que considere inexacta ou prexudicial. Procedemento de publicación:

- A nota de rectificación publicarase coa debida visibilidade, prontitude e extensión proporcionada.
- Editarase como unha nova peza na mesma sección e incorporarase tamén ao final da noticia orixinal, indicando no subtítulo: "Sobre esta información recibiuse unha solicitude de rectificación de...".

CÓDIGO DEONTOLÓXICO

A publicación dunha nota de rectificación responde ao dereito legal do afectado a dar a súa versión, pero non presupón por si mesma que a información orixinal fose errónea nin que a versión recibida sexa obxectivamente certa.

Se tras a rectificación se constata que *O Rueiro* cometeu efectivamente un erro na información orixinal, modificarase tamén o texto ou titular e deixarase constancia do cambio mediante a correspondente nota explicativa.

IX. IMAXES: CRITERIOS DE PUBLICACIÓN E LÍMITES ÉTICOS

As imaxes e vídeos no medio deben ser unha máxima constante, xa que se aposta por un xornalismo multimedia, na medida en que este poida ser realizado. A pesar de que sexa obrigatorio acompañar as pezas con elementos multimedia, ben é certo que estas deben contar cunha calidade decente, ademais de atender a outros aspectos:

A. Autoría e Sinaturas

1. Fotografías. Todas as imaxes deben asinalas os seus autores (en letra grosa, tras o pé de foto). Se proceden de axencias, engadirase o nome da mesma. Nunca aparecerá máis dunha sinatura por foto.
2. Reportaxes amplas. Se un autor asina un traballo gráfico de varias páxinas, abonda cunha sinatura por páxina ou un crédito xeral ao principio/final do texto. Se hai varios fotógrafos, asinarase a primeira foto de cada un e as demais con iniciais, ou incluirase unha lenda explicativa.
3. Ilustracións e gráficos asinaranse sempre. Se se actualiza un gráfico alleo conservando a base, mantense a firma orixinal; se o cambio é substancial, asínanse ambos. Non se asinan táboas simples ou clasificacións deportivas.

B. Pés de Foto e Fotonoticias

1. Función do pé de foto. É obrigatorio (agás retratos moi pequenos) e serve para explicar ou aclarar a imaxe. Nunca debe limitarse a repetir o que xa di o titular.
2. Redacción. Debe ser breve e directa. Non é preciso identificar a todos os membros dunha multitude, pero si ás persoas informativamente relevantes. A orde de identificación será sempre de esquerda a dereita e de arriba a abaixo.
3. Gramática. Evitarase a mestura de verbos en presente con complementos temporais en pasado (Exemplo incorrecto: "O detido ocúltase, onte, no xulgado" -> Correcto: "O detido ocultándose, onte, no xulgado").
4. Fotonoticias. Son imaxes que por si soas constitúen unha noticia. Levan un titular propio (fotonoticia) e un pé máis longo (3-5 liñas). A sinatura do autor irá precedida da palabra FOTO para non confundila coa firma dun texto.
5. Imaxes de arquivo. Se a foto non é actual e existe risco de confundir ao lector, deberase aclarar no pé de foto a data ou a súa condición de arquivo.

C. Edición, Calidade e Respecto

1. Calidade e deseño. A calidade técnica debe ser sempre óptima, agás naquelas imaxes exclusivas ou históricas onde o valor informativo sexa superior. A maqueta ou deseño da páxina debe adaptarse á foto, e non ao revés (non se destrozará unha foto para que encaixe).
2. Sensacionalismo. Evitarase a publicación de imaxes escabrosas ou de mal gusto. En cada caso, a Redacción sopesará o valor informativo fronte ao impacto que poida causar na audiencia máis sensible (especialmente os nenos).
3. Manipulación. Prohíbese a manipulación fotográfica. Só se permite o reencadramento e os axustes técnicos básicos. As fotomontaxes están permitidas só se se avisa claramente ao lector no pé de foto ou na firma.

D. Protección de Menores e Privacidade

1. Contextos negativos (sucesos, delitos). Prohíbese publicar calquera imaxe que permita identificar directa ou indirectamente ao menor.
2. Contextos neutros ou positivos. Requírese sempre autorización explícita (escrita ou fehaciente) dos pais ou titores. Este permiso pode ser revogado en calquera momento e o xornal retirará a imaxe.
3. Grupos e multitudes. Nos eventos infantís públicos (deporte base, actos escolares) o xornal deberá contar con acreditación. Se os menores son só un elemento accesorio nunha foto de rúa, pixelaranse os rostros. Nos casos nos que o redactor teña flexibilidade para sacar as fotos, debe evitar que salgan as caras dos menores para protexer a súa intimidade. En caso de actividades ou eventos nos que os menores empreguen unha vestimenta máis escasa ou axustada do habitual, extremarase a cautela. Evitaranse as fotos en traxes de baño e, se é necesario para completar a noticia, recortaranse para que as zonas máis comprometidas non queden visibles. Un exemplo práctico é no caso dunha competición de atletismo infantil: publicaranse fotos da carreira cos nenos de costas, evitando en todo momento que aparezan nenas de costas que empreguen bragas de competición. No caso no que os menores sexan os protagonistas da noticia e se empreguen de foto principal, necesitarase o consentimento expreso dos menores e dos seus tutores legais.

4. Forzas de seguridade e vítimas. Velaranse ou ocultaranse os rostros daquelas persoas protexidas pola lei, axentes de seguridade en exercicio cuxa imaxe os poña en perigo, ou persoas que o demanden xustificadamente. (Sempre se tentará arranxar primeiro cun bo reencadramento antes que pixelar).

E. O traballo do fotoxornalista

1. O reporteiro gráfico ten a obriga de recoller a información mínima *in situ* (nomes, lugar, momento) para elaborar correctamente o pé de foto.
2. Procurará ofrecer varias imaxes e enfoques dun mesmo tema para facilitar a edición.
3. Coidarase a neutralidade publicitaria: evitarase que as fotografías se convertan en soportes comerciais gratuítos elixindo encadramentos que esquiven letreiros ou logotipos irrelevantes para a noticia. Así mesmo, evitarase usar fotos de arquivo xenéricas que relacionen inxustamente a persoas anónimas con temáticas negativas (ex. alcoholismo, drogodependencia).

X. USO ADECUADO DAS REDES SOCIAIS E BOA PARTICIPACIÓN NO ECOSISTEMA DIXITAL

Coas redes sociais como gran medio de difusión das noticias, dende *O Rueiro* apóstase por unha estratexia multiplataforma na que as redes sociais empregadas conten cun tratamento axeitado. Neste ámbito, os xornalistas deben atender a diferentes criterios:

A. Uso adecuado das redes sociais para tratar de non danar nin comprometer a imaxe corporativa do *Rueiro*

Tanto nas súas redes sociais persoais como nas do medio, o xornalista debe tratar de manter o nome e imaxe corporativas. Publicará os seus contidos con rigor, evitando caer no sensacionalismo e na morbosidade.

B. Aplicar os mesmos criterios que no traballo profesional

Na elaboración dos contidos do *Rueiro* e nas publicacións en redes sociais, o xornalista aplicará o regulamento definido pola entidade. Recoméndase ter o mesmo coidado cando se publica algo nas redes sociais que cando se firma un artigo.

C. Os xornalistas deben responsabilizarse dos contidos que difunden e comparten nas redes sociais

Acougo con manter a boa imaxe do medio, o xornalista será responsable directo do que publique e difunda nos seus perfís.

D. Comentarios nos artigos dentro da plataforma do *Rueiro*

Os redactores tratarán de participar nos comentarios dos artigos para responder ás dúbidas e inquedanzas daqueles que comentan. Estas intervencións tamén deberán ser correctas e seguir as directrices do código do *Rueiro*.

XI. NORMATIVAS DE PLAXIO E AUTORÍA

A. Plaxio e respecto da propiedade intelectual

Enténdese por plaxio a reproduciónn sen cita dun fragmento dun producto alleo, o que pode constituir un delito e acabar coa reputación dun xornalista e dun medio pola mala praxe á hora de realizar un servizo público como é informar á poboación. Polo tanto, dende *O Rueiro* denúnciase en todo momento as malas prácticas que conleven, non só un fragmento sen citar, senón tamén a copia de fragmentos, textos, imaxes e cortes voz ou entrevistas que non leven consigo unha atribución correspondente.

Cabe tamén destacar a importancia de Internet neste ámbito, pois a versión dixital tamén precisa, se é posible, que a fonte ben atribuida tamén sexa acompañada dunha ligazón ao sitio web onde foi recollida esa información. Ademais, é importante ter coidado cando as citas sexan sacadas de medios que empreguen as súas propias fontes ou que traten novas exclusivas ás que só eles tiveron acceso.
Coa irrupción da IA é necesario garantir que os contidos analizados e diseccionados pola ferramenta non vulneren os dereitos de autor ou de propiedade intelectual.

B. Autorías das pezas xornalísticas

Os/as xornalistas do *Rueiro* son considerados unha fonte primordial polo seu coñecemento fronte ao acontecido nos diferentes lugares de Galicia. É por isto, que dende o medio se apoia un uso da autoría que respecte a propiedade intelectual dos profesionais. A autoría neste medio supón, por un lado, un recoñecemento persoal e que sirva para a audiencia como fonte na que apoiarse para certas informacións. Agora ben, coa personalización das informacións nunca se procura que o xornalista acarree con toda a responsabilidade, pois as pezas, antes de seren publicadas, pasan por unha revisión conxunta e é labor de toda a redacción ser conscientes do que se publica.

Con respecto ás autorías das imaxes e das posibles atribucións da IA, ambas casuísticas están recollidas nos puntos IX. A. e XII. C. (1), respectivamente.

XII. USOS E TRATAMENTOS DA IA

A. Contido xerado por Intelixencia artificial

Queda prohibida cualquera publicación (noticias, reportaxes, crónicas, podcast...) no *Rueiro* que sexa realizada íntegramente a través de ferramentas de intelixencia artificial. O contido xerado artificalmente, especialmente as imaxes e os audios (*deepfakes*), non seguen os valores do medio e non se permitirá a súa publicación, xa que poden ser confundidos con acontecementos reais. A IA nunca poderá substituír entrevistas, declaracións, observacións sobre o terreo nin o contacto directo coas persoas implicadas nunha información, pois se prioriza en todo momento o traballo de campo e as fontes recollidas polo xornalista. *O Rueiro* aposta por un xornalismo humano, no que para nada ten cabida un uso completo destas ferramentas como substituto dos xornalistas, do seu criterio profesional, da súa capacidade de análise, da súa interpretación da información nin da súa responsabilidade editorial.

B. A Intelixencia artificial como apoio para o xornalista

A IA será permitida tan só como ferramenta de apoio do xornalista. Estará permitido o seu uso nas tarefas máis arduas como a análise de grandes volumes de datos, transcricións, correccións lingüísticas, sínteses documentais, organización de datos, busca preliminar de información, maquetación ou apoio á edición sempre que quede claro para a audiencia e para a propia redacción en que parte e de que xeito participou a IA. Con isto, apoiamos en todo momento unha supervisión humana e para nada se acepta un uso da ferramenta como substituto do xornalista, senón que debe funcionar como asistente, permitindo ao profesional dedicar o seu tempo a tarefas de verificación, calidade ou/e redacción. En todo momento será responsabilidade do xornalista o mal uso que este faga da tecnoloxía.

C. Garantías que se debe seguir no uso da IA no medio

1. Revisión e validación humana

O xornalista será en todo momento a figure que tome o control perante o uso da intelixencia artificial. O/a profesional terá a labor de verificar e revisar aquel traballo documental proporcionado pola IA. Ningún contido no que interveña a intelixencia

artificial poderá difundirse sen unha revisión e aprobación final por parte dunha persoa responsable da peza. Desta maneira, no proceso final das pezas xornalísticas, os profesionais deberán garantir que os textos aparezan asinados por persoas. A IA pode contribuír ao proceso de traballo, pero non poderá figurar como autora nin asumir responsabilidades editoriais. Os profesionais deberán evitar que a IA sexa cómplice na difusión de bulos, *deepfakes* e noticias falsas. Ademais, encargaranse de denunciar cando estas ferramentas contribúan á exclusión de minorías, á discriminación, á perpetuación de sesgos e mesmo á manipulación.

2. Normativa común

Todo o medio contará cunha mesma normativa con criterios claros arredor da intelixencia artificial, polo que os redactores e fotoxornalistas deberán seguir e respectar a mesma, que debe ser incorporada ao libro de estilo e mesmo ser pública para que a audiencia sexa consciente do seu uso no *Rueiro*. Alén disto, cómpre ademais que o equipo se forme progresivamente en canto á intelixencia artificial para coñecer os seus beneficios, pero tamén os seus riscos e obrigas. Os profesionais deben en todo momento ser partícipes na creación da regulación sobre a ferramenta

Por outro lado, o xornalista ten a obriga de amosar aos seus responsables cal é a tarefa na que empregou a IA, para que así toda a organización sexa consciente en que parte do fluxo de traballo aparece a ferramenta e, desta maneira, conseguir que a redacción funcione como unha totalidade consciente dos posibles sesgos ou riscos e na que todos seguen os mesmos principios e valores.

3. Transparencia

Sempre que a IA participe de maneira significativa na peza, por exemplo nunca reportaxe de investigación na que a ferramenta serviu como apoio na análise de grandes cantidades de datos, deberá quedar indicado na peza claramente de que xeito a intelixencia artificial permitiu a creación final do producto, para que a relación entre o medio e audiencia sexa sana, transparente e honesta.

4. Protección de datos e fontes no tratamento da IA

Xamais se introducirá en sistemas de intelixencia artificial datos reservados, informacións sensibles nin materiais que poidan comprometer a privacidade e dignidade das fontes (aínda menos aquelas que sexan *off the record*), da redacción ou dos/as afectados/as pola información.

5. Futuro da IA

Calquera tecnoloxía presente ou futura capaz de xerar contidos que logo poden ser utilizadas nos medios de comunicación, sexa ou non IA, deberá someterse aos mesmos criterios éticos establecidos nesta normativa, na que se priorizan en todo momento a veracidade, a transparencia e o respecto dos defeitos fundamentais. Tamén é labor da redacción que estas normativas se adecúen á evolución da ferramenta e melloren paralelamente a esta, para non quedar atrás na constante viaxe tecnolóxica do xornalismo e garantizando sempre a coherencia entre o uso da intelixencia artificial e os valores do medio.

ANEXOS.

TRATAMENTO DE CASOS ESPECIAIS NO RUEIRO

1. SUICIDIO E SAÚDE MENTAL

O primeiro que se debe ter en conta á hora de falar do suicidio (exemplo empregado neste manual para extrapolalo aos diversos problemas de saúde mental) nun medio de comunicación é que este é un problema de saúde pública que se pode prever e que non ten unha causa única. Unha persoa con ideacións de suicidio habitualmente non busca a morte como fin senón como medio para deixar de sufrer. Polo tanto, neste contexto é crucial o tratamento dos medios pois o tono e enfoque das informacións pode influir na súa prevención, estigmatización e culpabilización.

A. Detalles e achegas a ter en conta

Cómpre en todo momento informar cunha responsabilidade especial. En primeiro lugar, hai que medir con coidado a extensión da peza e o seguemento que se lle faga. Tamén é importante engadir sempre recursos de axuda (o teléfono 024, por exemplo) para facer visible que pedir axuda funciona e hai alternativas a pesar dos diferentes contextos e casuísticas. Para poder conseguir isto, é recomendable dispoñer dun párrafo preparado con este tipo de información para incorporalo de maneira áxil nas pezas.

Tamén convén engadir informacion sobre os sinais de alerta e facer visible que a morte non pon fin ao sufrimento, ademais de que cómpre lembrar que tamén existen recursos para que as familias teñan atención específica. No tocante aos detalles e como estes se deben abordar nas informacións, en primeiro lugar non se deben simplificar as causas nin personificalas, pois favorecen o estigma e xera sentimentos de culpa entre as personas do entorno. Tamén é importante non engadir especificacións sobre o método empregado ou o lugar para non dar ideas, ao igual que non é preciso compartir o contido das posibles notas ou cartas de despedidas que poidan existir.

B. Linguaxe correspondente e escolla das imaxes e fontes precisas

En canto á linguaxe empregada, cómpre non optar polo sensacionalismo nin a romantización do suicidio ou representalo como unha solución. Os medios teñen a responsabilidade de explicar a casuística con moito coidado e utilizando termos ben escollidos, sen falar de se un suicidio foi “exitoso” ou “fallido” nin se “os suicidios dispáranse”. Débense evitar palabras ou expresións como: “suicida”, “método fácil e indoloro”, “solución aos seus problemas”, “lugares populares”, “puntos quentes”,

“intentos”, “epidemia”, “crecemento imparable”, “lacra”, “cometer suicidio”… Pola contra, recoméndanse expresións como: “morte por suicidio”, “ideación”, “tentativas”, “suicidarse” e “quitarse a vida”.

As imaxes que acompañen ás pezas, pola súa parte, nunca deben ser dramáticas, sensacionalistas nin explícitas. O óptimo sería contar con imaxes vinculadas coa busca de axuda ou apoio, en vez de funerais ou homenaxes que poden aumentar os sentimentos de desesperanza. Procurarase que as fontes sexan precisas e con datos contrastados e oficiais. É por isto que se prefiren expertos e especialistas fronte testemuñas ou familiares. Agora ben, é certo que é moi valioso contar nas informacións con persoas que superaran ese proceso para así comprender o fenómeno e os seus impactos. Cómpre, ademais, extremar a prudencias con colectivos aparentemente máis susceptibles como as persoas máis novas e con situacións excepcionais como casos de suicidio despois de cometer un asasinato, xa que atraen a atención médica.

C. Tratamento do suicidio/saúde mental no entorno dixital

Nos contextos actuais nos que a inmediatez e a brevidade das redes sociais son máximas constantes na contorna dixital, hai que ir con coidado para non simplificar nin magnificar un problema de saúde pública como o suicidio ou o resto de problemas de saúde mental. Cómpre, neste caso, aplicar os mesmos criterios de prudencia nas redes, ou incluso incidindo aínda máis no coidado das informacións. A rapidez das informacións e a posibilidade da bidireccionalidade constante nas redes sociais tamén poden ser un risco para este tipo de pezas, polo que sempre se recomenda non abrir seccións de comentarios, facer advertencias de contidos sensibles ou mesmo revisar de novo as pezas publicadas en redes para que non poidan ser perxudicias (pois os máis novos atópanse nestes ecosistemas).

2. A INMIGRACIÓN

A diversidade cultural, a orixe étnica e a poboación migrante son informacións que requiren dun compromiso rigoroso do xornalista cos dereitos humanos. Durante a elaboración das pezas, hai diferentes aspectos que se debe ter en conta:

A. Prevención e rexeitamento ao discurso de odio

Antes de publicar calquera información, o xornalista debe asegurarse de verificar con datos e fontes rigorosas os feitos que se aseguran e, ademais, dar a oportunidade de responder ás partes implicadas. O profesional buscará non crear alarmismo social nin contribuír a discursos infundados que afecten á reputación do colectivo. Como consecuencia, o xornalista extremará a cautela para non publicar datos imprecisos, bulos ou realizar discursos e inxurias baixo a súa firma e a do *Rueiro*.

O profesional presentará especial atención e cautela en canto á infancia dos migrantes e se tratarán da mesma maneira os temas de vítimas de tratas. O obxectivo é garantir sempre a seguridade, imaxe e protección das vítimas.

B. Evitar a estigmatización na creación das pezas

A non ser que sexa un dato noticiable, a orixe, etnia, crenza ou raza non se mencionarán durante a peza para así evitar contribuír ás estigmatizacións dos grupos das persoas implicadas dunha noticia (especialmente se son actos delictivos). Da mesma maneira, nos titulares rexeitarase a inclusión da nacionalidade ou orixe da persoa implicada para chamar a atención do lector.

Cabe recalcar que non se poderá relacionar a palabra “migrante” nin ningunha nacionalidade a fenómenos como a delincuencia ou o colapso dos servizos sen unha base empírica contextualizada. Así mesmo, o termo “ilegal” non pode ser atribuído a persoas, xa que vulnera a dignidade persoal e a propia imaxe, ademais de menospreciar ao suxeito e favorecer aos estereotipos. Poderase substituír por termos como: “persoas en situacións administrativa irregular” ou “sen papeis”.

3. COBERTURA DE CONFLITOS BÉLICOS E TERRRORISMO

A. Tratamento de fontes

Os partes de guerra, os balances de vítimas e os comunicados oficiais trataranse como versións interesadas; se non se poden verificar de xeito independente, citarase explicitamente quen achega o dato. Ademais, prohíbese dar por válida calquera imaxe ou testemuño das redes sociais sen unha verificación dixital rigorosa.

B. Linguaxe e precisión

A redacción debe ser obxectiva e descritiva, fuxindo do ton épico ou belicista. Aplicarase con exactitude a terminoloxía do Dereito Internacional Humanitario (diferenciando, por exemplo, "refuxiado" de "desprazado interno") e chamarase aos grupos armados pola súa denominación obxectiva, evitando cualificativos románticos ou pexorativos.

C. Rexeitamento do sensacionalismo

Evitarase a recreación morbosa en detalles macabros, torturas ou agonías. O relato do horror debe servir para denuncialo, respectando sempre a dignidade das vítimas. O impacto na poboación civil terá un peso preferente na cobertura.

A. Seguridade e protección

Omitirase calquera información táctica (movementos exactos de tropas, localización de refuxios) cuxa publicación en tempo real poida poñer en perigo vidas humanas. Así mesmo, garantirase o anonimato absoluto daquelas fontes vulnerables (civís, prisioneiros, disidentes) cuxa identificación lles poida carrexar represalias ou a morte.

4. CRISE CLIMÁTICA

Outra das casuísticas especiais que o medio atende con certo coidado é a crise climática, unha temática na que *O Rueiro* pon o foco, non só nas informacións, senón tamén no canal de comunicación a través do que se difunden. Con respecto á crise climática é importante que o medio, por un lado, teña unha coherencia interna moi clara. A crise climática é unha cuestión de dereitos humanos debido á sobreexplotación dos sistemas naturais, polo que os medios teñen a responsabilidade de sinalar e denunciar as desigualdades e posicionarse neste tipo de loitas. É imprescindible que os xornalistas difundan un discurso mobilizador e se deixe atrás o catastrofismo e contido compasivo para así conseguir unha acción por parte da sociedade. Neste medio non se dará cabida a discursos que poñan en dúbida a existencia dunha crise climática ou opten polo derrotismo.

Como medio local, *O Rueiro* aposta por abordar a temática climática priorizando sempre as problemáticas locais para garantir a representatividade territorial. Ademais, este medio aposta por un bo uso dos recursos visuais nos que se amosen paisaxes verosímiles e que eles mesmos ensinen cal é a verdadeira realidade. Tamén é preciso que o medio conte cunha estratexia clara en canto á abordaxe desta temática cunha unificación de vocabulario para non levar a confusión, unha constante formación dos profesionais no tema e unha catalogación clara das pezas para así amosar unha coherencia interna no discurso. Cabe lembrar que a crise climática é unha cuestión transversal e debe transcender ao resto de pezas e seccións a idea que o medio contempla sobre ela.

O Rueiro conta cunha posición coherente, ética e independente, así que tamén forma parte da estratexia comunicativa romper relacións con empresas que vulneren os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible pactados na ONU. Cómpre destacar que o medio debe ser honesto e escoller con coñecemento de causa os canais de difusión e as colaboracións, apostando sempre por aqueles que se sumen á causa e non poñan en dúbida ou perxudiquen aínda máis a crise climática.

5. PERSOAS VULNERABLES

a. Menores

Á hora de construir informacións, existen certos colectivos cos que o medio garda especial coidado pola súa notable vulnerabilidade. Para *O Rueiro*, os menores de idade merecen unha ollada propia e unha protección necesaria en canto ás pezas que aborden algunha cuestión referida a eles. É imprescindible evitar difundir a identidade e información persoal dos menores cando aparecen como vítimas, testemuñas ou inculpados en causas criminais, sobre todo cando se trata de asuntos de especial trascendencia social como delitos sexuais, problemas de adopción ou familiares/tutores inculpados. Os menores non poderán ser entrevistados, fotografados de xeito directo (o resto da normativa de imaxes dos menores aparece recollida no artigo IX D.) nin filmados sen o consentimento explícito dos seus tutores legais ou educadores. Deste xeito, tampouco é lícito alegar a relevancia pública dos familiares para entrar na vida privada dos pequenos/as.

b. Vítimas de violencia de xénero

O xornalismo que promove *O Rueiro* deberá facer un tratamento adecuado da información sensible relativa ás vítimas de violencia de xénero. A linguaxe, os titulares, as imaxes e os enfoques narrativos deben contribuír á sensibilización da sociedade neste sentido e á erradicación dos discursos de odio. *O Rueiro* non tolerará informacións que enfoquen o problema nas vítimas, así como tratamentos informativos equidistantes, sesgados ou desiguais. Este medio poñerá especial atención na identidade das vítimas, protexéndoas da exposición mediática e evitando filtracións que fomenten comportamentos inadecuados.

—ESPECIFICACIÓNS DA CREACIÓN DO CÓDIGO—

O código deontolóxico foi escrito polos integrantes do departamento de Edición e Calidade Xornalística do medio *O Rueiro*: Bianca Basdediós, Alicia Cernada, Carolina Pérez, Saínza Seoane, Damián Suárez e Claudia V. Lourido.

Os creadores apoiáronse nos documentos publicados polo xornal Eldiario.es, pola Corporación La Voz de Galicia, polo grupo editorial Prensa Ibérica, recoméndacións da FAPE (Federación de Asociacións de Xornalistas de España) e as respostas achegadas polo resto de representantes do medio nun cuestionario realizado a principio de curso sobre as súas posturas acerca do uso da IA nos medios de comunicación.

Durante o proceso de elaboración, a Intelixencia Artificial foi empregada para correxir algúns dos textos e tratar de ter os menores erros posibles, sen esquecer unha supervisión humana tras os resultados obtidos pola ferramenta.



O RUEIRO